

GASTRONOMÍA

O Concello de Boqueixón, situado nas fértils beiras do río Ulla, conta cuns excelentes viños e augardentes, ademais da afamada tarta de queixo de Lestedo e do premiado Bo-Queixo de Orto. Destaca tamén a elaboración doutros manxares típicos galegos como empanadas, polbo, churrasco, orella,... que se poden desfrutar nos nosos establecementos hostaleiros.

Café Bar O´26 (Lestedo) 626 679 342

Bar O Rincón de Pepe (Lestedo) 649 082 030

Restaurante A Picotiña (Lestedo) 981 502 390

especialidades en orella e polbo

Parrillada Os Rufos (Lestedo) 981 503 156 / 650 264 604

Restaurante Fachal (Lestedo) 981 503 083 / 690 182 833

especialidade en churrasco

Polbería Fontes (Lestedo) 981 503 234

Cervexería Vikingo (Lestedo) 639 832 597

Restaurante Via da Prata (Lestedo) 981 502 102 / 630 941 372

Restaurante O Improvisto (Boqueixón) 981 513 030

especialidade en callos e carne ó caldeiro

Café Bar Latino (Boqueixón) 981 513 004 / 619 604 895

A Taberna d´ San Benito (Sergude) 610 447 941 / 660 097 554

Casa de Xantar Casa Castro (Sergude) 981 511 823

Parrillada O Breixo (Sergude) 981 814 703 / 649 469 493

Taberna O Portugués (Sergude) 981 513 134

Polbería Rosende (Sergude) 981 511 803

Café Bar A Barreira (Sergude) 679 678 216

especialidade en churrasco

Café Bar A Casa de Lenin (Sergude) 981 539 998 / 664 161 982

Café Bar O Záramo (Sergude) 981 511 683 / 630 824 316

Café Bar Vente Vindo (Sergude) 981 511 947 / 651 077 018

Restaurante Don Sancho (Ledesma) 981 514 241

especialidade en bacallau

Restaurante Nervioso (Camporrapado) 981 514 071 / 625 631 117

Parrillada A Cañiza (Camporrapado) 646 579 257 / 626 736 778

Cervexería Abadía (Camporrapado) 981 514 067

Café Bar O Rincón de Tania (Camporrapado) 669 832 867

Parrillada A Cruz (Vigo) 981 513 100

Parrillada Casa Brea (Lamas) 981 513 146

Café Bar Castro (Lamas) 981 513 064

Café Bar Couto (Lamas) 981 513 094

Café Bar Quintela (Loureda) 981 513 049

Café Bar García (Codeso) 981 512 406

Restaurante "O Balado" (Codeso) 639 893 749 / 657 290 362


CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PICO SACRO

Situado ós pés do Pico Sacro, na aldea de Cachosenande (Lestedo) a escasos metros da Ruta da Prata. Este centro permite achegarnos a un coñecemento de todos os aspectos relacionados co Pico: historia, lendas, composición xeolóxica... No 2008 fíxose unha nova musealización do centro, que conta actualmente con paneis explicativos, unha sala de exposicións de fotografías e outra sala cunha maqueta e un vídeo no que se recolle a cultura da zona e o significado do Pico Sacro.

Dende este centro parte un roteiro de sendeirismo ata a cima do Pico, cunha duración aproximada de 45 minutos.

Visitas concertadas no tlf: 981 513 061.

LOCALIZACIÓN DO PICO SACRO



O Pico Sacro sitúase a 14 km. de Santiago. O acceso realízase a través da N-525, que une Compostela con Ourense. En Lestedo hai un desvío sinalizado que dá acceso ó Pico Sacro a través dunha estrada asfaltada, que leva ata o cumio.

+ info:

WWW.
BOQUEIXON
.COM

EMPRESA MONBÚS



Estación de autobuses de Santiago - Lestedo

De luns a venres: 09.15 / 12.00 / 14.00 / 15.00 / 15.20 / 16.00 / 18.00 / 20.00

Sábados: 10.00 / 14.00 / 15.00 / 16.00 / 18.00

Domingos e festivos: 10.00 / 14.00 / 16.00 / 18.00 / 21.00

Lestedo - Santiago

De luns a venres: 07.40 / 09.40 / 11.40 / 15.25 / 17.40 / 20.40 / 22.10

Sábados: 09.40 / 11.00 / 15.25 / 17.30 / 20.30

Domingos e festivos: 11.00 / 15.25 / 17.30 / 20.30 / 20.40 / 21.55 / 22.10



O PICO SACRO

Tradicións, lendas, historia,
paisaxe, cultura, gastronomía...



BOQUEIXON
Pico Sacro

HOSPEDAXES

Casa de turismo rural "Casa de Casal"

Lugar de Cachosenande, 17.

Teléfono: 981 503 227

www.casadecasal.com

Casa de Aloxamento "Casa Agra Devesa"

Pumares - Sergude.

Teléfono: 696 845 681



O PICO SACRO

Érguese a carón de Compostela unha das montañas máis míticas e coñecidas de Galicia, o Pico Sacro. Airoso e dominante sobre os vales do curso medio do río Ulla, fonte de innumerables lendas e contos populares, este monte foi venerado polos habitantes da comarca antes e despois do cristianismo, cumprindo un papel esencial no mito do traslado do corpo do Apóstolo Santiago.

A forma puntiaguda, capaz de parar e desfacer treboadas, a peculiar morfoloxía a base de rochas de cuarzo cristalizado, e a altura de casi 600 m. sobre o nivel do mar forman unha silueta que exerce como faro natural para os visitantes da bisbarra.

Dende o Camiño da Prata o Pico Sacro marca a derradeira etapa, sendo o primeiro lugar dende onde se ven as ansiadas torres da catedral compostelá, cumprindo así un papel similar ó do Monte do Gozo no Camiño Francés.



HISTORIA

A relación xurdida entre Compostela e o Monte Sacro fixo que, tras o redescubrimento do sepulcro do Apóstolo no século IX, o bispo Sisnando I fundara un mosteiro cerca da cima do Pico. Chegaron ata nós partes románicas de reconstrucción dos séculos XI e XII da actual capela da San Sebastián.

A escasos metros da capela atópase, ladeira abaixo, a parroquia de A Granxa, coa igrexa de San Lourenzo. A súa orixe sitúase na época en que os frades de San Sebastián necesitaban un lugar onde cultivar a terra. A capela maior, de importante valor histórico e artístico, é do século XII.

No mesmo cumio do pico erguíase unha torre medieval, que protexía a entrada a Compostela dende a Ruta da Prata e da que nos chegaron restos que aínda hoxe se poden apreciar.

TRADICIÓN E LENDA

Segundo a lenda recollida no Códice Calixtino, que narra a chegada do corpo do Apóstolo a Galicia, no Pico Sacro tiveron lugar estos famosos feitos.

Nese tempo señoreaba na bisbarra a Raíña Lupa, personaxe mítico aliada dos romanos. Os discípulos do Apóstolo recorriron a ela para que lles facilitara un carro e uns bois para trasladar o corpo ata o Campo das Estrelas (Compostela). A lenda di que a Raíña Lupa mandou ós recién chegados ata o Pico Sacro, coa esperanza de que o dragón e os touros bravos que nel habitan os eliminaran. Os discípulos, a piques de morrer ante o dragón que facía de gardián do Pico, fixeron o sinal da cruz provocando con esto a súa morte e o amansamento dos touros.

Estes feitos maravillosos provocaron a conversión da Raíña e os seus vasallos á nova relixión cristiá.

Ademais desta importantísima lenda hai outras que nacen directamente das xentes que habitan a zona e que teñen como protagonistas a personaxes da mitoloxía tradicional galega, como os mouros ou as serpes que habitan nas misteriosas covas que hai preto do cumio.

